

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ÍNDICE

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN.....4

MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA MODIFICACIÓN DO DECRETO 74/2018, DO 5 DE XULLO, POLO
QUE SE ESTABECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.....4

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.....4

CREACIÓNS DE POSTOS.....5

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.....5

SERVIZOS PERIFÉRICOS.....5

OUTRAS MODIFICACIÓNS DE POSTOS: ADSCRICIÓN A CORPOS E ESCALAS.....7

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....7

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.....7

SERVIZOS PERIFÉRICOS.....7

EXECUCIÓN DE SENTENZA.....8

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....8

AMORTIZACIÓNS.....8

ASESORÍA XURÍDICA XERAL.....8

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....8

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.....9

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR.....9

SERVIZOS PERIFÉRICOS.....9



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA VICEPRESIDENCIA E DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

A vixente estrutura orgánica da Xunta de Galicia foi establecida polo Decreto 146/2016, do 13 de novembro. Así mesmo, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, fixou a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. De igual modo, o vixente Decreto 74/2018, do 5 de xullo, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Cómpre sinalar que, ao tempo que esta proposta de modificación da RPT, estase a tramitar unha modificación do Decreto 74/2018 que afecta á estrutura da Dirección Xeral de Xustiza.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos para o seu desempeño e determinación das retribucións complementarias.

O Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu Artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que *as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, alomenos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, e no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.*

Neste senso, o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia recolle que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei e que a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. Así mesmo, establece que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

Así mesmo, é necesario observar o establecido na Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do 25 de febreiro de 2016, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e ademais recoller novas esixencias puntuais xurdidas nalgúns dos seus centros directivos.

A vixente relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 22





de novembro de 2018, e publicada por Resolución da Consellería de Facenda, do 23 de novembro de 2018 (DOG, núm. 225 do 26/11/2018).

En resumo, tendo en conta todo o anterior e tomando como referencia, o artigo 69, do Real decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que *a planificación dos recursos humanos na Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade*, propóñense as seguintes modificacións na RPT da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En definitiva, a proposta de modificación da RPT da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza persegue actualizar o seu cadro de persoal para adaptarse á normativa vixente e, así mesmo, a distintas esixencias puntuais xurdidas nalgúns dos seus centros directivos

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións propostas, seguindo a estrutura da RPT, desglosadas de acordo coas modificacións motivadas pola modificación do decreto de estrutura da Vicepresidencia e Consellería e o resto de modificacións propostas polos distintos órganos directivos.

MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA MODIFICACIÓN DO DECRETO 74/2018, DO 5 DE XULLO, POLO QUE SE ESTABECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

CENTRO DESTINO: D.X. XUSTIZA

- Xefatura de Servizo de Modernización da Administración de Xustiza, co código PR.C03.00.000.15770.040, de nivel 28, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por libre designación, aberto aos subgrupos A1-A2, do corpo/escala xeral ou letrado/a da Administración de Xustiza ou do corpo de xestor procesual e Administrativo da Administración de Xustiza, de adscrición indistinta, A13, a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Administración de Xustiza, sen área funcional determinada.

Propónse a creación deste posto para dar cumprimento á modificación do decreto de estrutura da vicepresidencia e consellería, baseándose na necesaria modernización da organización xudicial, optimizando os medios humanos e materiais, tanto en termos de infraestruturas como de avances tecnolóxicos, que pon a Comunidade autónoma ao servizo da Administración de xustiza.

Consonte o Acordo aprobado na Comisión de Persoal do 28 de marzo de 2017 e a Resolución da Consellería de Facenda do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de recoller novas esixencias puntuais xurdidas nalgúns dos seus centros



directivos, propóñense as modificación derivadas da aplicación da citada normativa que se reflicten de forma pormenorizada no anexo de equivalencias que se xunta a esta memoria.

Propónse a forma de provisión do posto por libre designación, en base ao criterio 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia polo asesoramento e dependencia directa dun alto cargo. De acordo co vixente decreto de estrutura este posto está configurado con dependencia directa do director xeral para prestarlle apoio e asesoramento directo na planificación organizativa dos modelos de oficinas xudiciais, no seguimento e análise de estatísticas en coordinación co Consello Xeral de Poder Xudicial, Ministerio de Xustiza e Tribunal Superior de Xustiza, respecto o seguimento e análise das estatísticas xudiciais e rexistras e no deseño e xestión de medidas tendentes á racionalización dos recursos da Administración de Xustiza no ámbito da Comunidade Autónoma.

CREACIÓNS DE POSTOS

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

CENTRO DESTINO: D. X. DE XUSTIZA

- Xefatura de Negociado, código PR.C03.00.000.15770.045, de nivel 18, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A2-C1-C2, do corpo/escala xeral, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia.

A creación deste posto emárcase na necesidade de prestar apoio ao novo servizo creado mediante a modificación do decreto de estrutura.

CENTRO DESTINO: S. X. DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

- Xefatura de Sección, código PR.C03.00.001.15770.023, de nivel 25, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, do corpo/escala xeral, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia.

A creación deste posto xustifícase no progresivo aumento das cargas de traballo no Servizo de Persoal da Administración de Xustiza, particularmente a derivada da transferencia das competencias en materia de xubilación voluntaria, forzosa ou por incapacidade permanente, así como a posible prórroga de permanencia no servizo activo dos funcionarios de xustiza cuxa xestión corresponde á comunidade autónoma, considérase necesaria a creación dunha sección que atenda as tarefas que se derivan desta xestión. A dita xestión está suxeita a normativa estatal e a prazos de inescusable cumprimento, sen esquecer o carácter sensible da propia materia en si. Así mesmo, xustifícase pola súa vinculación, nun número significativo de casos, ás incapacidades laborais e o debido control e seguimento destas.



SERVIZOS PERIFÉRICOS

Mediante o Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, estableceuse o número e a demarcación dos arquivos xudiciais territoriais da Comunidade Autónoma e determinouse a sede e a composición da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial, iniciándose con elo un proxecto de organización dos arquivos xudiciais e expurgo da documentación xudicial.

Para abordar esta tarefa creáronse no seu momento 4 prazas de Técnico/a medio de arquivo, un por cada arquivo territorial das capitais de provincia galegas co obxecto de asumir a xestión documental destes arquivos e os depósitos de fondos do conxunto dos partidos xudiciais da súa respectiva provincia. As funcións encomendadas ao dito persoal son moio amplas, sendo entre outras, e sen carácter exhaustivo, as da descrición e organización da documentación para facilitar o acceso ao préstamo, a preparación de transferencias de documentos dende as oficinas xudiciais a outros depósitos o para o expurgo, a colaboración cos distintos órganos xudiciais na preparación de documentación para o seu envío a Xunta de Expurgo, o estudo das series documentais, o rexistro informatizado.

Debido ao volume de traballo que soportan as unidades anteriormente citadas, considérase necesaria a creación das 4 prazas de auxiliar de arquivos que se propoñen para prestar ao persoal técnico o apoio necesario tendo en conta as particularidades propias de cada provincia.

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (A CORUÑA)

- Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas (código PR.C99.10.001.15001.191), persoal laboral do grupo IV, categoría 035, coa forma de provisión por concurso.

Xustifícase a creación deste posto, en particular, baseándose en que o Arquivo Territorial da Coruña ten depósitos de documentación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e nos tres edificios xudiciais existentes nesta cidade. En total, e só nesta cidade, a Técnica de arquivos existente atende un total de 43 órganos xudiciais, 5 seccións da Audiencia Provincial e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Isto sen contar os depósitos existentes nas cidades de Santiago de Compostela e Ferrol, cun total de 16 e 14 órganos xudiciais, respectivamente, máis 1 sección da Audiencia Provincial en Santiago de Compostela e a maiores do resto de órganos xudiciais da provincia.

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (LUGO)

- Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas (código PR.C99.10.001.27001.190), persoal laboral do grupo IV, categoría 035, coa forma de provisión por concurso.

A proposta de creación deste posto xustifícase en que o Arquivo Territorial de Lugo conta con depósitos de documentación nos dous edificios xudiciais de a cidade. A Técnica de arquivos existente atende un total de 17 órganos xudiciais, máis 2 seccións da Audiencia Provincial e a maiores o resto de órganos xudiciais da provincia, polo que se considera indispensable a creación dun posto de auxiliar de arquivos e bibliotecas para apoiar e complementar as funcións que realiza a Técnica de arquivos.

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (OURENSE)

- Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas (código PR.C99.10.001.32001.190), persoal laboral do grupo IV, categoría 035, coa forma de provisión por concurso.



O Arquivo Territorial de Ourense conta con depósitos de documentación nos dous edificios xudiciais de a cidade. A técnica de arquivos existente ten que atender a un total de 19 órganos xudiciais máis 2 seccións da Audiencia Provincial. Todo isto sen contar o resto de órganos xudiciais da provincia. Considérase así indispensable crear unha praza de auxiliar de arquivos e bibliotecas para apoiar e complementar as funcións que realiza a Técnica de arquivos.

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (VIGO)

- Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas (código PR.C99.10.001.36560.190), persoal laboral do grupo IV, categoría 035, coa forma de provisión por concurso.

O Arquivo Territorial de Pontevedra conta con depósitos de documentación na propia cidade e, ademais, na cidade de Vigo. O técnico de arquivos existente en Pontevedra ten que atender aos 23 órganos xudiciais máis ás 4 seccións da Audiencia Provincial de esta cidade e, ademais, aos 36 órganos xudiciais e 2 seccións da Audiencia Provincial da cidade de Vigo. Todo isto sen contar o resto de órganos da provincia. O elevado número de órganos xudiciais na cidade de Vigo fai necesaria a dotación na propia cidade de persoal que atenda exclusivamente a estes xulgados, considerándose necesaria a creación dunha praza de auxiliar de arquivos e bibliotecas, para actuar en colaboración co Técnico de arquivos da provincia.

OUTRAS MODIFICACIÓNS DE POSTOS: ADSCRICIÓN A CORPOS E ESCALAS

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CENTRO DESTINO: S. X. DE RÉXIME XURÍDICO

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea así como a avaliación e reforma administrativa.

O Servizo do Secretariado do Goberno, dependente da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, no desenvolvemento das súas funcións, respecto da preparación e xestión da documentación dos distintos expedientes que se elevan a Consello da Xunta, ás comisións delegadas e en especial á Comisión de Secretarios Xerais precisa realizar unha importante análise e tratamento previo da dita documentación relacionada coas diferentes materias obxecto de trámite.

Consonte o expresado, e tendo en conta a diversidade de materias obxecto de tratamento e estudo no dito servizo, considérase necesaria a apertura na adscrición a corpos e escalas a xeral/especial das xefaturas de sección co sistema de provisión por libre designación que se relacionan a continuación:

- PR.C02.00.003.15770.022, Xefatura Sección I Secretariado do Goberno.
- PR.C02.00.003.15770.023, Xefatura Sección II Secretariado do Goberno.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

CENTRO DESTINO: D. X. DE XUSTIZA

- Os postos da RPT abertos a persoal da Administración de Xustiza, que se relacionan no listado de equivalencias, propónse modificarlles a denominación de secretario/a xudicial pola de



letrado/a da Administración de Xustiza para adaptalo á clasificación de corpos na redacción vixente da Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial

SERVIZOS PERIFÉRICOS

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (PONTEVEDRA)

- Os postos de Limpador/a cos códigos PR.C99.10.001.36001.145, PR.C99.10.001.36001.149, PR.C99.10.001.36001.156, proponse modificar o número de horas diarias de 4 a 5, logo de analizar a situación do centro de traballo onde desenvolven o seu labor a prol de mellorar a calidade e condicións laborais dos ditos postos.

Trátase, así mesmo, de igualar as condicións de todas as persoas que traballan nos Edificios Xudiciais de Pontevedra, para evitar diferencias entre elas, tendo en conta que as superficies asignadas por persoa teñen unha ratio similar.

CENTRO DESTINO: XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN (CAMBADOS)

- Posto de Limpador/a co código PR.C99.10.007.36060.011, logo da xubilación da persoa que ocupaba o outro posto de limpador/a no xulgado, e observada a petición da persoa que ocupa este posto, proponse incrementar o número de horas diarias deste posto de 2 a 5, a prol da calidade e condicións laborais do dito posto.

EXECUCIÓN DE SENTENZA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CENTRO DESTINO: INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA. SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

- Posto PR.C99.10.011.15001.015, Auxiliar de autopsias, grupo IV, cat. 039.

Cómpre engadirlle no apartado de observacións o texto “ocupado por persoal laboral indefinida non fixa”, de acordo coa sentenza núm. 269/2018 ditada o 4 de xullo de 2018 polo Xulgado do Social, núm. 2 de Lugo, no Procedemento ordinario 324/2018 que declara o carácter indefinido da relación laboral da traballadora María Dolores Cedrón Rey. A dita traballadora ocupaba o posto na Subdirección Territorial da Coruña do Instituto de Medicina Legal de Galicia na condición de persoal laboral temporal.

AMORTIZACIÓNS

As amortizacións de postos que se propoñen, feitas logo de valorar que non repercuten na calidade nin na prestación dos servizos públicos, teñen por obxecto o financiamento das necesidades de crédito xeradas pola modificación da RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e, así mesmo, pola modificación da RPT da Academia Galega de Seguridade Pública, na que se crean unha xefatura de servizo, unha xefatura de sección e unha xefatura de negociado.

Todos os postos propostos para a súa amortización están vacantes e non ocupados.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

CENTRO DESTINO: ASESORÍA XURÍDICA XERAL





- Posto PR.V30.00.000.15770.045, Posto Base Subgrupo C2, Nivel 12.
- Posto PR.V30.00.000.15770.047, Posto Base Subgrupo C2, Nivel 12.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CENTRO DESTINO: S. X. DE RÉXIME XURÍDICO

- Posto PR.C02.00.003.15770.040, Posto Base Subgrupo C2, Nivel 12.

CENTRO DESTINO: S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO)

- Posto PR.C02.00.005.27001.577, Conductor/a, Grupo IV, Categoría 016.

CENTRO DESTINO: S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA

- Posto PR.C02.00.006.15770.050, Xefatura de Grupo de Rexistro e Información, Subgrupos C1-C2, Nivel 14.
- Posto PR.C02.00.006.15770.098, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.
- Posto PR.C02.00.006.15770.101, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

CENTRO DESTINO: D. X. DE XUSTIZA

- Posto PR.C03.00.000.15770.013, Posto Base Subgrupo C2, Nivel 12.

CENTRO DESTINO: S. X. DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA (OURENSE)

- Posto PR.C03.00.001.32001.250, Oficial 2ª Mantemento, Grupo IV, Categoría 006.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

CENTRO DESTINO: S. X. DE SEGURIDADE E COORDINACIÓN

- Posto PR.C06.00.002.15770.021, Xefatura Sección Coordinación de Policías Locais, Subgrupos A1-A2-C1, Nivel 25.

SERVIZOS PERIFÉRICOS

CENTRO DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA

- Posto PR.C99.10.000.15001.148, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.
- Posto PR.C99.10.000.15001.151, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.
- Posto PR.C99.10.000.15001.154, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.
- Posto PR.C99.10.000.15001.159, Subalerno/a, Grupo AP, Nivel 10.

CENTRO DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL LUGO

- Posto PR.C99.10.000.27001.230, Subalerno/a, Grupo V, Nivel 003.

CENTRO DESTINO: EDIFICIOS XUDICIAIS (PONTEVEDRA)

- Posto PR.C99.10.001.36001.150, Limpador/a, Grupo V, categoría 011 (4 h/diarias).





CENTRO DESTINO: XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN (CAMBADOS)

- Posto PR.C99.10.007.36060.010, Limpador/a, Grupo V, categoría 011 (3 h/diarias)

CENTRO DESTINO: XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN (REDONDELA)

- Posto PR.C99.10.007.36440.010, Limpador/a, Grupo V, categoría 011 (2 h/diarias)

CENTRO DESTINO: XULGADO DE PAZ (NIGRÁN)

- Posto PR.C99.10.008.36350.010, Limpador/a, Grupo V, categoría 011 (2 h/diarias)

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

